

Monte, casas e lume. Unha aproximación desde a crítica ecofeminista á ordenación do territorio en Galicia

Novas, María; Paleo Mosquera, Sofía

Publication date

2019

Document Version

Final published version

Published in

Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais

Citation (APA)

Novas, M., & Paleo Mosquera, S. (2019). Monte, casas e lume. Unha aproximación desde a crítica ecofeminista á ordenación do territorio en Galicia. In *Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais* (pp. 79-93). Catro Ventos. https://catroventos.gal/wp-content/uploads/2019/11/A%CC%81rbores_mostra.pdf

Important note

To cite this publication, please use the final published version (if applicable). Please check the document version above.

Copyright

Other than for strictly personal use, it is not permitted to download, forward or distribute the text or part of it, without the consent of the author(s) and/or copyright holder(s), unless the work is under an open content license such as Creative Commons.

Takedown policy

Please contact us and provide details if you believe this document breaches copyrights. We will remove access to the work immediately and investigate your claim.

ÁRBORES QUE NON ARDEN

AS MULLERES NA PREVENCIÓN
DE INCENDIOS FORESTAIS

Proxecto Batefogo (coord.)
Varias autoras

ÁRBORES QUE NON ARDEN

AS MULLERES NA PREVENCIÓN
DE INCENDIOS FORESTAIS

Proxecto Batefogo (coord.)
Varias autoras

Título: *Árbores que non arden. As mulleres na prevención de incendios forestais*

© dos textos: Asociación Proxecto Batefogo

© da edición galega: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

© das ilustracións: Xoana Almar, Cestola na Cachola

Revisión de estilo e coordinación do volume: Patricia Buxán Outeiro

Corrección lingüística: María Mediero Mayán

Deseño e maquetación: Isidro D. Valladares e Alicia R. Malga

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-949154-6-8

Depósito legal: VG 539-2019

Impreso en Jadfel artes gráficas



Este libro comercialízase baixo unha licenza Creative Commons que permite a copia e distribución da obra sempre e cando non se faga con fins comerciais e se recoñeza debidamente a súa autoría mediante a mención expresa das autoras e da editora. Esta licenza autoriza tamén a produción de obra derivada coa condición de que a obra resultante sexa distribuída baixo o mesmo tipo de licenza ca a orixinal.

- 9 Celsa González Ogando
Muller árbore
- 11 Presentación
- 15 Ana Cabana Iglesia
Os incendios forestais e a variable xénero: estereotipos de ida e volta
- 29 Beatriz Rodríguez-Morales
O lume como (di)servizo dos ecosistemas. Unha ollada en clave de xénero
- 45 Lara Barros Alfaro
Montes veciñais, mulleres e un ecofeminismo posible
- 61 María Ferreiro Santos e Isabel Vilalba Seivane
As mulleres labregas: pasado, presente e futuro do rural
- 79 María Novas Ferradás e Sofía Paleo Mosquera
Monte, casas e lume. Unha aproximación desde a crítica ecofeminista á ordenación do territorio en Galicia
- 95 María Rosa Mosquera Losada
Os sistemas agroforestais: unha ferramenta sustentable do uso do territorio
- 105 Lola Ferreiro Díaz
Coidados, comunidade e resiliencia antes e despois dos lumes
- 127 M. Conceição Colaço
Reaprender a vivir cos incendios forestais nun contexto de cambio climático
- 147 Equipo do proxecto Batefogo
O proxecto Batefogo: educación ambiental e participación social en clave de xénero

Iniciativas comunitarias

- 173 Nela Abella
Ecoloxismo na defensa do territorio
- 177 Dora Cabaleiro Fernández, proxecto Ribeiregas
Proxectos comunitarios que dan vida ás aldeas
- 181 Vanesa Castro López, Montenoso
Dando visibilidade aos comúns
- 184 Sonia Couse Fernández, cooperativa Amarelante
Loita contra o abandono recuperando os soutos
- 187 Concepción Docampo Sanromán, Burbullas de Sol
Agroecoloxía como modo de vida
- 190 María Belén Ferverza Couñago, CMVMC de Reboreda
Mulleres diverxentes na xestión do monte
- 194 Eva González Pérez, proxecto Carabuñas
Dinamización rural a través da valorización
- 197 Carla Pérez Pérez
Activismo desde a administración local
- 201 Ermitas Rodríguez Gómez, La Cabreta
Mantendo o territorio a través do gando
- 204 Carmela Valiño Vázquez, cooperativa Milhulloa
Dinamizando e creando sinerxías no rural
- 207 Andrea Nunes Brións
Epílogo
- 213 **Agradecementos**
- 217 **Bibliografía**

PRESENTACIÓN

Nunha panorámica superficial do mundo do lume, a presenza de mulleres resulta aparentemente anecdótica. A súa visibilidade nos distintos escenarios do complexo quebracabezas que supón a problemática dos incendios forestais en Galicia é moi reducida; demasiado...

Fagan memoria das noticias sobre a autoría dos lumes, das imaxes do servizo de extinción, dos comités da administración autonómica ou dos foros de debate sobre os lumes, o ordenamento e a xestión do territorio. É que elas non prenden? Non apagan? Non deciden? Non reflexionan sobre os incendios forestais, as súas causas e consecuencias?

Desde o equipo do proxecto Batefogo levamos tempo facéndonos estas preguntas.

Porén, non atopabamos respostas e, cada vez que buscabamos información ou datos específicos sobre a encrucillada entre xénero e prevención de incendios, a invisibilidade das mulleres facíase máis patente.

Decidimos daquela comezar nós a construír contestacións aos interrogantes e, como non sabemos de todo, pensamos en convidar outras autoras a reflexionaren connosco.

Neste proceso, o noso punto de partida era poder contar con autoras que puidesen reflexionar en clave de xénero sobre os que considerabamos elementos estruturais na problemática dos incendios forestais: a causalidade e o contexto social no que se producen os lumes, o despoboamento e avellentamento do rural, a xestión colectiva e individual do territorio, os seus usos e aproveitamentos, a vinculación emocional coa comunidade e o propio espazo físico, os impactos do cambio climático etc.

Mais, como non podería ser doutro xeito, na escolma final pesou tamén significativamente a afinidade persoal e ideolóxica. As autoras son, sobre todo, persoas que coñecemos directa ou indirectamente

(a través de amigas e compañeiras) e coas que compartimos ilusións e soños para outro rural e outro mundo posible. Esta paixón foi quen de ser maior ca a inexperiencia á hora de abordar a temática dos lumes, arriscándose con este traballo por sendas descoñecidas pero que cumpría ter a valentía de percorrer.

Despois de todo, non se nos ocorre un conxunto mellor de escritoras. Ana podía darnos pistas en clave histórica sobre a autoría e as motivacións dos incendios, máis aló dos tópicos habituais. Bea, unha perspectiva distinta sobre os usos e beneficios do monte, e a súa percepción en clave de xénero. Lara, analizar o papel das mulleres nunha figura tan emblemática na xestión do territorio coma as comunidades de montes. María e Isabel, afondar na traxectoria e no importante papel das gandeiras e labregas no rural galego. María e Sofía, proporcionar outra visión sobre o ordenamento do espazo e a súa normativa. Rosa, clarear as posibilidades doutra forma de facer no ámbito da silvicultura. Lola, botar luz sobre conceptos tan importantes como comunidade, coidados ou resiliencia. E Conceição, colocar a xestión do risco e o cambio climático como protagonistas inesperados na prevención. Nós, como equipo do proxecto Batefogo, reservámonos o derradeiro dos artigos para falar sobre a importancia de integrar efectivamente a variable de xénero nas accións educativas e participativas necesarias para activar estratexias efectivas de prevención.

Con todo, tiñamos a sensación de que algo faltaba no libro. Non tiñamos dúbidas sobre a calidade do traballo que farían as autoras convidadas; estabamos seguras de que serían reflexións ben fundamentadas e complexas, mais botabamos en falta a voz das mulleres que están a traballar a día de hoxe no noso monte.

Xunto coa invisibilidade das mulleres, a outra gran motivación que ten este libro é a de pór en valor algunhas das iniciativas que consideramos máis innovadoras no rural galego, iniciativas lideradas en feminino que están a introducir outra forma de facer e de pensar. Por este motivo, decidimos entrevistar algunhas destas mulleres, socias, participantes ou colaboradoras en distintos ámbitos de actuación:

comuneiras, como Belén; cooperativistas en distintos proxectos, como Dora, Eva, Sonia ou Carmela; gandeiras e labregas, como Ermitas e Conchi; ou activistas, como Carla, Nela ou Vanesa.

Pero aínda faltaba algo máis...

Queríamos que o libro fose unha invitación. Unha invitación a reflexionar sobre o papel das mulleres na prevención de incendios forestais. Unha invitación a coñecer iniciativas innovadoras lideradas en feminino. E unha invitación a ler, agradable e divertida, tamén esteticamente. Contamos aquí coa inestimable colaboración de Xoana, da cooperativa Cestola na Cachola, que foi quen de plasmar graficamente a mestura de ideas aínda por aterrar que lle entregamos. E, por suposto, coa estética poética e agarimosa de Andrea, tecendo cos seus versos o mellor peche que puidemos imaxinar.

Que título pórille? Buscábamos un título que falase por si mesmo e servise para falar do libro, mais queríamos fuxir da estética puramente académica e buscamos a poesía. Afondando nas hemerotecas sobre a prevención dos lumes, os incendios forestais e a xestión do monte, apareceron as musas: os cortalumes verdes, esas árbores que «misteriosamente» non arden nos incendios forestais (aínda que isto ten a súa explicación científica), símbolos de resistencia e que, de xeito metafórico, nos falan tamén das mulleres, do seu papel ao longo da historia e dos seus vínculos co territorio.

O resultado, o libro que tes entre as mans. Un libro que non sería posible sen o entusiasmo compartido coas compañeiras de Catro Ventos, implicadas desde o primeiro momento na idea de abrir novas liñas editoriais.

Somos conscientes de que, con certeza, son moitas as autoras e os temas que ficaron no tinteiro. Con este libro queremos tamén facer un chamamento a todas esas persoas que están traballando ou que queiran traballar nesta liña. Estamos convencidas de que esta análise pendente en clave de xénero sobre os incendios forestais pode proporcionar moitas claves para enfrontar un problema que, de seguro, nos próximos anos, ante a mudanza climática e a situación presente

Equipo do proxecto Batefogo

do monte galego, se converterá, se non o é xa, nunha emerxencia de enormes dimensións.

Esperamos que contribuísemos a comezar a apagar o lume coas palabras.

Paula, Miguel, Celsa e Brais
Equipo do proxecto Batefogo

INTRODUCCIÓN

En moitas das charlas e debates nos que temos participado presentando o proxecto Batefogo empregamos a expresión «sospeitosos habituais» para facer alusión aos elementos ligados á problemática dos incendios forestais que contan cunha maior prédica en discursos políticos e medios de comunicación: os incendiarios e a súa actividade «criminal» ou «terrorista»; os eucaliptos e outras especies pirófitas, moi estendidas e sen control; a falta de ordenamento do monte, con demasiado minifundismo; a escaseza de efectivos de extinción, con problemas de coordinación entre administracións, e a deficitaria «limpeza» do mato, os cortalumes e as franxas de seguridade, como causas principais para explicar o enorme impacto do lume.

Dependendo do altofalante, estes elementos contan con maior ou menor peso pero, en calquera caso, é frecuente continuar a cadea de argumentos engadindo solucións igualmente clarividentes: man dura cos incendiarios, reducir ou eliminar os eucaliptos dos montes, ordenar o monte para facelo máis produtivo, maiores medios e maior coordinación na extinción, e máis roza para garantir a seguridade.

Ben é certo que desde a vaga de lumes do 2006 e, sobre todo, despois do acontecido en 2017 —cos miles de hectáreas arrasadas en pouco máis de 72 horas no mes de outubro—, dous elementos máis fixéronse sitio entre os principais tópicos relacionados cos incendios: o cambio climático, como responsable de condicións meteorolóxicas extraordinarias, e, en menor medida, a educación, tanto pola súa falta en determinados sectores coma polo seu necesario impulso e promoción no conxunto da cidadanía para evitar os lumes.

Como é evidente, os nosos «sospeitosos habituais» son unha lectura conscientemente reduccionista e retranqueira dunha realidade moito

máis complexa coa que queremos pór de manifesto a necesidade de contemplar o problema desde unha perspectiva sistémica. Sen eludir debates, pretendemos orientar o diálogo cara aos aspectos estruturais que consideramos como condicionantes da problemática dos lumes: a desestruturación das comunidades rurais, o escaso prestixio social do sector primario, o cambio de usos (que non de costumes), a desvinculación emocional co territorio, a masculinización das actividades agrogandeiras e forestais, o despoboamento e avellentamento do rural etc., aspectos estruturais de carácter eminentemente social, claro.

Insistiremos moito ao longo deste texto nunha cuestión: consideramos os incendios forestais como un problema fundamentalmente social e, por tanto, que ten que ser abordado con ferramentas de intervención social, nomeadamente, a través da educación ambiental e a participación cidadá. Estas ferramentas constitúen a base do proxecto Batefogo. Engadiremos algo máis. Sabemos que só con educación e participación non é dabondo: cómpre engadir políticas decididas e recursos na mudanza da xestión do territorio. Agora ben, entendemos que na definición destas políticas e, sobre todo, na súa posta en marcha, educación e participación deben ser fundamentais. Porén, non toda educación vale, non toda participación vale. Lonxe de querer prolongar a dinámica simplista do debate en quente, pretendemos afondar neste texto nos fundamentos metodolóxicos do proxecto Batefogo, na educación e a participación que queremos impulsar, fundamentos entre os que adquiriu un marcado protagonismo a variable de xénero.

OS LUMES: UN PROBLEMA SOCIAL E... UN PROBLEMA DE XÉNERO?

Cando insistimos en que os lumes son un problema social queremos pór énfase nos nexos entre a evolución socioeconómica, cultural e política dun territorio, e os incendios forestais que lle puidesen afectar

(Rodríguez, 2011). Cómpre engadir que o termo social non pretende excluír outras variables, como as ambientais, por exemplo, senón que se formula como oposición ao monopolio do «técnico» ou exclusivamente «económico» das decisións que afectan aos territorios, ignorando as percepcións, estruturas, conflitos e características, en xeral, das sociedades nas que se producen os lumes. O feito de que determinadas especies poidan crecer nunha zona responde ás variables ambientais (temperatura, réxime pluviométrico, características dos solos etc.), pero a súa proliferación ou a súa diminución responde, fundamentalmente, a variables sociais.

A capacidade de controlar e empregar o lume constitúe un dos puntos de inflexión na evolución da especie humana (Wrangham e Carmody, 2010). O lume convértese así nunha ferramenta para a xestión agrogandeira do territorio: gañar espazo para o cultivo, favorecer o crecemento do pasto, preparar o campo para a agricultura, cazar etc. No entanto, tamén ten outras utilidades, empregándose como arma —a arma dos pobres como di Ana Cabana (2007)— para resolver conflitos, tanto entre particulares coma entre veciñanza e administración, reflexo dunha conflictividade social e política concreta. A problemática dos lumes adquire aquí o carácter de conflito socioambiental (Martínez Alier, 2006), combinando causas e consecuencias ambientais e socioeconómicas nun complexo escenario social.

Aínda cando a ignición dun incendio é natural ou consecuencia dunha negligencia (é dicir, sen vontade expresa de facer mal), a configuración do territorio, o tipo de aproveitamentos e mesmo a resposta dos habitantes, por citar algunhas variables, responden en boa medida a claves socioeconómicas, por non falar dos conflitos de intereses (entre particulares, especulativos, coa Administración etc.), que poden explicar un importante número de lumes en Galicia.

Non queremos estendernos na xustificación dos lumes como problema social. Con todo, sabemos polo traballo sobre o terreo que este é un dos principais obstáculos cos que nos enfrontamos na busca dunha lectura holística e compartida do problema dos incendios. A visión

«técnica» e/ou «criminal» predomina no imaxinario colectivo, insistentemente reforzada polos medios de comunicación.

E se contemplar os lumes como un problema social resulta complexo, dar un paso máis e analízalo como unha cuestión de xénero convértese nun exercicio de arriscado equilibrio cívico.

Existe unha ampla bibliografía que relaciona medio ambiente e xénero. Neste mesmo libro aparecen numerosas citas que aluden ás distintas perspectivas feministas sobre medio ambiente (nomeadamente, ao ecofeminismo), con construtos sociais de xénero e identidade, polo que tampouco reiteraremos o argumentario. Sexa como for, para nós, e outras moitas autoras, está claro o fío que une medio ambiente, sociedade e xénero, un fío que necesariamente habería que contemplar na análise dos lumes e a súa prevención. Porén, a busca de bibliografía específica coas palabras chave «xénero» e «prevención de incendios» resulta baldía.


Nun interesante traballo elaborado por Cristina Manfre y Deborah Rubin (2013) para o CIFOR¹, expónse con preocupación a ausencia de investigacións no ámbito forestal e, por extensión, no dos incendios. As autoras destacan que a corrente principal de investigación forestal ignorou o rol que desempeñan as mulleres no manexo forestal, asumindo *de facto* que este é un sector dominado por homes. Se ben é certo que se trata dun texto vinculado estreitamente ao contexto da América Latina, algunhas das súas afirmacións parécennos clarividentes na lectura dunha realidade invisibilizada, pasando por alto os coñecementos das mulleres sobre os recursos forestais, o seu papel nestes e a súa dependencia dos recursos forestais para os seus medios de vida e benestar. Así mesmo, insisten en que a falta de datos sobre a participación das mulleres en actividades forestais dificulta dispor dunha imaxe precisa da súa participación, deixando de lado actividades e formas de aproveitamento do monte:

[...] os homes están máis involucrados en empresas forestais e só ven a produtividade do monte en función do valor económico da madeira,

¹ Center for International Forestry Research (<https://www.cifor.org/>)

CAPÍTULO 10

INICIATIVAS
COMUNITARIAS



ÁRBORES QUE NON ARDEN

Nunha panorámica superficial do mundo do lume, a presenza de mulleres resulta aparentemente anecdótica. A súa visibilidade nos distintos escenarios do complexo quebracabezas que supón a problemática dos incendios forestais en Galicia é moi reducida; demasiado...

Fagan memoria das noticias sobre a autoría dos lumes, das imaxes do servizo de extinción, dos comités da administración autonómica, ou dos foros de debate sobre os lumes, o ordenamento e a xestión do territorio. É que elas non prenden? Non apagan? Non deciden? Non reflexionan sobre os incendios forestais, as súas causas e consecuencias?

Para tentar dar resposta a estas preguntas, o equipo do proxecto Batefogo reúne neste volume achegas de diferentes autoras que, desde a súa disciplina, reflexionan sobre o papel das mulleres na prevención e extinción dos incendios forestais.



www.catroventos.gal



ECOLOXÍA



ECONOMÍA
SOCIAL



DEREITOS
HUMANOS

ISBN 978-84-949154-6-8



9 788494 915468